

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA

CONVOCATORIA: 2013/14

Grao/ Máster Universitario:

**Máster Universitario en Investigación en Actividade Física,
Deporte e Saúde**

INFORME DE REVISIÓN DO SEGUIMENTO DO TÍTULO

INFORME DE REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMIENTO DE TITULACIÓNS

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 28 de xullo de 2015

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Ciencias da Educación de do Deporte
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME - EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

XUSTIFICACIÓN DO RESULTADO

O resultado do proceso de seguimento do título MÁSTER UNIVERSITARIO EN INVESTIGACIÓN EN ACTIVIDADE FÍSICA, DEPORTE E SAÚDE é CONFORME cos propósitos incluídos no documento de ACSUG “Guía de Seguimento de Títulos Oficiais de Grao e Master (2014)”, establecidos de acordo coas recomendacións da REACU e de CURSA, e os criterios establecidos na “Guía de Avaliación interna do Seguimento das titulacións” elaborada pola Área de Apoio a Docencia e Calidade da Universidade de Vigo.

-Información pública

A principal fonte de información pública é a Web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. A información pública é clara, accesible e esta actualizada na Web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Pontevedra) no apartado Estudos de Posgrao (<http://Webs.uvigo.es/feduc/index.php?id=178,870,0,0,1,0#Cuadro>) e correspondese ca contida na memoria vixente. O apartado relativo o Máster na páxina Web da Facultade está ben estruturada e organizada en seccións o que facilita a súa accesibilidade e navegabilidade, aínda que falta información relevante nalgún apartado (apartado 9. Garantía da calidade).

Tamén se accede a información pública do Máster a través da Web da Universidade de Vigo: Estudos e Titulacións-Másteres (http://Webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl), permite acceder a memoria do título e a páxina Web do título.

O Título de máster tamén dispón dunha Web propia: (<http://Webs.uvigo.es/masde/1011/index.htm>), a información pública por este medio é moi escasa: presentación, matrícula, profesorado, e contacto.

No apartado de recomendacións recóllense unha proposta de melloras a levar a cabo para mellorar a calidade da información pública do título, referentes o PAT, perfil profesorado, etc. É moi importante que se recolla de forma clara e accesible a “Política e Obxectivos de Calidade”, o informe de grado de cumprimento para cada un dos cursos académicos, así como seguir traballando na publicación de información referida o Sistema de Garantía de Calidade.

A información pública podería completarse seguindo as recomendacións da ACSUG establecidas na “Guía de Seguimento de títulos oficiais de grao e mestrado”


- Valoración do cumprimento do proxecto:

A reflexión é completa e coherente na maioría dos criterios e arguméntase tendo en conta os principais aspectos de análise de cada un dos criterios. Los argumentos utilizados na reflexión son sólidos e fundamentase nos resultados das enquisas de satisfacción do título, as taxas académicas e outros indicadores xerados polo SGC. Debese seguir mellorando na reflexión que se realiza nalgúns criterios aportando datos obxectivos e establecendo unha maior correspondencia entre a reflexión e as propostas de mellora. Debese establecer plans de mellora cando se propoñen melloras e seguir mellorando na implantación do Sistema de Garantía Interno da Calidade-

- Accións levadas a cabo ante as recomendacións:

Considérase que, en xeral, atendéronse as recomendacións realizadas en informes previos.

Vigo, a 28 de xullo de 2015



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Información pública

Resultado:

Conforme

A

B

Non Conforme

C

D

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas:

- A información pública é, en xeral, completa. Valórase positivamente a dispoñibilidade, os contidos e o acceso, de xeito directo, á información pública.
- Valórase positivamente o emprego das redes sociais.

Non conformidades:

-

Recomendacións para a mellora :

- Na Web da Universidade de Vigo (<http://www.uvigo.es>) no apartado “Campus” podase acceder o “Campus de Pontevedra”, onde se recollen as titulación que se imparten, pero a información non esta actualizada: o Máster Universitario en Investigación na Actividade Física, Deporte e Saúde non aparece. Sería necesario solicitar a actualización.
- Resulta confuso acceder aos horarios de clases do título a través do enlace “Organización Académica” e os horarios de exames a través do apartado “Estudos de posgrao”. Recomendase incluír os horarios de clases e de exames no mesmo apartado “Organización Académica”.
- Resulta confuso que no apartado “Estudos e posgrao”- “Mestrado Universitario en Investigación na Actividade Física, Deporte e Saúde”, no apartado “Planificación das ensinanzas”, só aparezan as guías docentes ata o ano 2012-2013. Sucede o mesmo no apartado de “Doutoramentos, Mestrados Oficiais e Cursos de Especialista”. Recomendase por unha anotación ou enlace para consultar as guías a través do apartado “Guías Docentes das Materias” da páxina principal da Web da Facultade.
- Recomendase completar as fichas coa información do profesorado que se atopa na Web do Máster, xa que non aparece a información necesaria dos profesores, incluíndo información sobre a categoría profesional do PDI, liñas de investigación, produción científica, etc. Valorar incluír esta información na Web da Facultade no apartado específico do título ou poñer un enlace no apartado “Profesores e outros recursos humanos” que conduza á páxina Web do Título, para evitar que a información completa do título estea en dúas páxinas distintas, xa que pode ser confuso para o alumnado.

- A información do PAT está na Web da Facultade de CC da Educación e do Deporte de Pontevedra, e sería necesario publicar o listado de alumnos titorizados e profesor titor correspondente.
- O apartado Garantía de Calidade do apartado “Estudios e posgrao”-“Mestrado Universitario en Investigación na Actividade Física, Deporte e Saúde”-“Política e obxectivos de Calidade”, conduce ao apartado “Calidade, procedementos e plans- Benvidos ó Espazo de Xestión da Calidade na FCCED” da páxina de inicio da Web da Facultade. Non se atopou a información relativa á Política e Obxectivos de Calidade, o informe de cumprimento dos obxectivos, os informes de resultados anuais e os plans de mellora. Recomendase valorar a inclusión desta información e recomendase seguir traballando na publicación de información referida ao Sistema de Garantía de Calidade.
- En referencia á páxina específica do máster, conviría rediseñarse porque, aínda que os contidos que se observan están actualizados, non teñen unha coherencia visual corporativa e produce unha sensación demasiado amateur que pode desfavorecer o interese polo seu aspecto informal ou pouco institucional.
- Recoméndase que na Web do centro e especialmente na específica do máster inclúanse os iconos de acceso ás redes sociais, dado que no caso de Twitter, que parece de maior penetración entre o seu potencial público, non existe e non é fácil atopar a páxina cunha procura sinxela na propia aplicación. Ata sería interesante incrustar unha caixa cos tweets nun lateral da Web.

INFORMACIÓN PÚBLICA: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL E TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido

Resultado:

<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> C
<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Fortalezas

Criterio asociado	Xustificación
Descrición da titulación	-
Xustificación	- Consulta permanente de referentes externos.
Competencias/ Obxectivos	-
Acceso e admisión	-
Planificación das ensinanzas	- Elevada satisfacción do profesorado co criterio.
Recursos humanos	- Adecuación da capacitación do corpo docente (criterios de calidade implementados para configurar as plantillas docentes do título)
Recursos materiais	-
Resultados	-
Sistema de Garantía de Calidade	-
Calendario de implantación	-

Non Conformidades

Criterio asociado	Xustificación
Descrición da titulación	-

Xustificación	-
Competencias/ Obxectivos	-
Acceso e admisión	-
Planificación das ensinanzas	-
Recursos humanos	-
Recursos materiais	-
Resultados	-
Sistema de Garantía de Calidade	-
Calendario de implantación	-

Recomendacións para a mellora

Criterio asociado	Xustificación
Todos os criterios	<ul style="list-style-type: none"> - O texto do Autoinforme contén erratas e reiteracións incluso dentro dun párrafo. Recoméndase unha revisión completa dado que non pasan desapercibidos na lectura. Por exemplo (pax. 15/28): “La capacitación del cuerpo docente se considera adecuada. La comisión Académica del master vela porque esta adecuación se mantenga adecuadamente”.
Descrición da titulación	<ul style="list-style-type: none"> - Como xa se menciona no informe de Seguimento 2012-2013, existen discrepancias respecto o número de prazas ofertadas, na memoria figuran 40 prazas, no apartado de Web “Información Xeral do Título” figuran 40, pero no informe de Seguimento menciónanse 25 prazas. Recomendase corrixir as discrepancias. - Recomendase facer unha reflexión máis detallada dos seguintes elementos: nº de prazas ofertadas (recomendase aportar información sobre o número de matriculados nos últimos anos), idiomas de impartición. - Recomendase axuntar a memoria vixente do título e facer mención ao órgano responsable do Sistema de Garantía da Calidade do Título.
Xustificación	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendase aportar datos da demanda e matrícula que avalen a reflexión efectuada e o interese do título. - No informe de Seguimento non se inclúe a descrición das propostas de mellora realtivas a este epígrafe. - Recoméndase recoller información sobre a inserción laboral dos

<p>Competencias/ Obxectivos</p>	<p>egresados.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recomendase realizar unha reflexión máis completa sobre a adquisición de competencias a través do TFM (aportanse datos, pero o arquivo a que fai referencia o Autoinform esta danado). Non se reflexiona de cara a propor accións de mellora se fose necesario). - Non se fai referencia, e por tanto non se reflexiona, sobre o indicador que mide a satisfacción coa planificación e desenrolo do ensino (indicador 78- ítem1 e 74- ítem 1 e 2). Recomendase aportar datos, reflexionar e propor accións de mellora se fose necesario. - Proponse unha acción de mellora pero non se presenta o correspondente Plan de mellora. - Al igual que no informe anterior de seguimento recomendase (oportunidad de mellora) recoller información sobre os empregadores. - A recomendación relativa a “completar a reflexión incluíndo información sobre a coherencia entre o perfil de ingreso recollido na memoria e o perfil real de ingreso dos estudantes matriculados” non foi atendida, polo que recomendase de novo.
<p>Acceso e admisión</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendase reflexionar sobre ás accións de levadas a cabo para a promoción da titulación e captación do alumnado e os seus resultados, xa que non se fai referencia. - Recóllense no apartado de boas prácticas: Web do título, uso de redes sociais, accións de acollida, non sendo o apartado correcto xa que as accións descritas non se axustan o concepto de Boas Prácticas (innovación, creatividade, modelo, replicabilidade...). - A proposta de mellora recollida non vai acompañada do correspondente Plan de mellora, no que se recolla todos os datos relevantes da acción a levar a cabo.
<p>Planificación das ensinanzas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendase facer referencia aos resultados nas materias (ítems 1 e 2) das enquisas de Avaliación docente. - Recomendase facer un análise do desenvolvemento do PAT e o seo grado de satisfacción, e da mobilidade dos estudantes propios e alleos xa que no plano de estudos apartado 5.2 recollese a importancia dado o carácter investigador do título de máster (participación do alumnado en programas de mobilidade). - Aínda que se fai referencia ao indicador 74 “satisfacción do alumnado co criterio” e detectase unha debilidade o considerar que os datos non son satisfactorios, a reflexión exposta non aporta unha explicación e a pesar de ver a debilidade no se propón acción de mellora. - Recomendase un análise neste criterio das taxas académicas, non se fai referencia.
<p>Recursos humanos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aínda que se menciona que o CV do profesorado esta dispoñible na Web do título, este está incompleto. Son poucos os profesores que teñan dispoñible o seu CV. Deberíase aportar datos concretos sobre a

	<p>capacitación docente, nos que apoiar a reflexión.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recomendase incluír os resultados das enquisas de avaliación docente (informe global da titulación) na reflexión. - Recomendase incluír a reflexión sobre a adecuación do persoal de Administración e servizos ás necesidades da titulación. - Recomendase incluír o análise do ítem 1 “Estou satisfeito, en xeral, co persoal de administración e servizos do centro” do indicador 74 “Grao de satisfacción dos estudantes cos recursos de apoio ao ensino” da enquisa de satisfacción. - Establecese unha acción de mellora derivada dunha debilidade detectada na reflexión, sen embargo non aparece recollido o Plan de Mellora. - No apartado de boas prácticas recollese que “na páxina Web aparece unha completa información do mestrado e está actualizada”, non sendo o apartado correcto xa que as accións descritas non se axustan o concepto de Boas Prácticas (innovación, creatividade, modelo, repicabilidade...), e unha recomendación da ACSUG, recollida na “Guía de Seguimento de Títulos Oficiais de Grao e Mestrado” .
Recursos materiais	-
Resultados	- Recomendase incluír referencias á aplicación das enquisas: índices de participación e o seu análise
Sistema de Garantía de Calidade	<ul style="list-style-type: none"> - Recomendase facer referencia máis explícita aos cambios nos documentos do SGIC e o seu nivel de implantación no título. - Recomendase facer referencia máis explícita o nivel de cumprimento na recollida de evidencias xeradas pola implantación do Sistema de Garantía de Calidade. - Recóllense adecuadamente as accións de mellora dos anos 11-12 e 12-13 pero no se fai referencia ao nivel de cumprimento das accións do ano 12-13 e os resultados obtidos e non se recollen as propostas de mellora recollidas no informe de seguimento 2013-2014.
Calendario de implantación	-
Plans de mellora	-
Boas prácticas	-

VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>
	<p>Admitida:</p> <p><input type="checkbox"/> Si</p> <p><input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións

Resultado:

Conforme

Non Conforme

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

A táboa resumen das accións levadas a cabo ante as recomendacións indica que non se fixeron recomendacións no informe final de seguimento, o cal é certo. Cabe sinalar, no obstante, que e si se fixo unha recomendación que aínda non foi atendida: cumprimentar as fichas ca información do profesorado que se encontra na Web do título. Esta recomendación figura no informe de avaliación realizado por ACSUG para o ano 2012/13. Conviría revisar o devandito informe e as recomendacións que se fan no texto na súa totalidade, non só as que figuran no epígrafe 3 (accións levadas a cabo ante as recomendacións)

ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS: ALEGACIÓNS DO CENTRO/TÍTULO AO INFORME PROVISIONAL e TRATAMENTO DAS MESMAS POLO EQUIPO AVALIADOR

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
	Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: